



Confederación Intersindical Galega

## Sección Sindical CIG Telefónica

A Coruña: coruna@cigtelefonica.com Teléfono 981183969 - Fax 981183679

Pontevedra: pontevedra@cigtelefonica.com Teléfono 986264949

Lugo: lugo@cigtelefonica.com / Ourense: ourense@cigtelefonica.com

# Maricruz e Marcos non están sos

Máis de 5900 compañeiros e compañeiras mostraron a súa solidariedade con Maricruz e Marcos, demostrándolle á empresa que darán a batalla para conseguir a súa readmisión, demostrándolle tamén a todo o cadro de persoal que aínda queda moita xente con dignidade e con capacidade de loita para defender os dereitos laborais de todos e todas.

**Máis de 5900 traballadores e traballadores déronlle unha lección de dignidade a aqueles sindicatos que ante estes despedimentos ollan para outro lado.** O Comité Intercentros non está actuando como un órgano de representación dos traballadores e traballadoras, non pode estar xordo e cego diante das demandas do cadro de persoal e quedar mudo ante as agresións da empresa. Cómpre esixirlle que se poña á fronte na esixencia da readmisión e convoque mobilizacións se a empresa non atende esa demanda.

Os datos do paro mostran claramente como aquelas provincias onde o Comité de Empresa convocou, as mobilizacións acadaron paros contundentes. Superouse o 60% en Barcelona nun paro de xornada completa, tamén en Biscaia e Guipuscoa, en Navarra superouse o 70%; provincias onde os paros de dúas horas foron convocados polos Comités de Empresa.

Cando os Comités actúan de xeito unitario na defensa dos traballadores e traballadoras, o cadro de persoal responde. **Este cadro de persoal mantén aínda moita capacidade para pararlle os pés á empresa, algúns sindicatos deberían tomar boa nota.**

Os datos do paro en Galiza foron os seguintes:

FOLGA 24 FEBREIRO	Plantilla Total	Plantilla Efectiva	Servizos Mínimos	Paro	Paro sobre Efectivos sen Serv Mínimos
<b>A Coruña</b>	730	683	38	150	23,3%
<b>Pontevedra</b>	477	446	23	118	27,9%
<b>Ourense</b>	160	148	8	21	15,0%
<b>Lugo</b>	130	108	6	2	2,0%

Na CIG entendemos que hai que seguir mobilizándose mentres non sexan readmitidos estes compañeiros, entendemos que os Comité de Empresa e o Intercentros teñen que implicarse de xeito directo e activo, asumindo o papel que lles corresponde como representantes dos traballadores.

**POLO DEREITO Á SAÚDE: DESPEDIDOS READMISIÓN!!!**

**En defensa do Emprego en Telefónica,  
mobilización permanente!!!**

Compostela 25 de febreiro de 2011